



## INCREMENTAN AS EXPECTATIVAS DE CURACIÓN DO CANCRO INFANTIL

- *O conselleiro de Sanidade e a delegada territorial da Xunta participaron no Álvaro Cunqueiro nas actividades conmemorativas para visibilizar o Día Internacional do Cancro Infantil*
- *As Asociacións Bicos de Papel e Asanog desenvolveron un completo programa de animación e entregaron regalos aos nenos e nenas doados por El Corte Inglés*
- *O Chuvi diagnosticou o pasado ano 22 novos pacientes infantís con patoloxía oncolóxica maligna*
- *O cancro que afecta en maior medida aos nenos é a leucemia, seguida polos tumores do sistema nervioso central e os linfomas*

**Vigo, 17 de febreiro de 2023.** O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e a delegada territorial da Xunta de Galicia, Marta Fernández-Tapias, sumáronse á conmemoración do Día Internacional do Cancro Infantil no hospital Álvaro Cunqueiro, onde participaron nas diversas actividades desenvolvidas polas *Asociacións Bicos de Papel, Asanog* e os *Pallasos de Galiclown*.



García Comesaña tamén visitou a nova Sala de Xogos para nenos e nenas oncolóxicos da planta de pediatría, que acaba de por en marcha *Bicos de Papel*.

O mércores foi un día de festa para os pequenos pacientes do Hospital de Día de Pediatría e os hospitalizados, que puideron desfrutar dun completo programa de animación no que, ademais dos pallasos, non faltou a visita de *Spiderman* ou *Star Wars*. Ademais, os nenos e nenas tamén recibiron regalos que foron doados por *El Corte Inglés*.



### **Melloran as expectativas de curación**

A coordinadora da Unidade de Oncoloxía Infantil, María Tallón, afirmou que "estamos a conseguir melloras substanciais neste campo e ano a ano podemos dicir que seguimos a mellorar as expectativas de curación dos nenos e nenas con cancro, reducir as secuelas do tratamento, e progresar tamén na atención psicolóxica e social que aportamos a estas familias".

O cancro infantil non se pode previr, polo que os esforzos céntranse en lograr o diagnóstico temperá dos casos, e en dispoñer dos mellores tratamentos, porque é aquí onde reside a clave da supervivencia dos menores e a súa calidade de vida. A día de hoxe o índice de supervivencia do cancro infantil sitúase nun 82%, e manténdose al alza nos últimos anos, o que denota un avance nos coidados e tratamentos para o cancro.

Os puntos fundamentais desta atención son: un diagnóstico precoz, tratamento protocolizado, seguimento de efectos secundarios, e apoio noutros temas importantes para a familia e os nenos como a escolarización e a reincorporación ás súas vidas tras o tratamento.



### **22 novos diagnósticos o pasado ano**

No pasado ano diagnosticáronse 22 pacientes con patoloxía oncolóxica infantil maligna, cifra similar á do ano anterior, que seguen tratamento quimioterápico en hospital de día e planta de pediatría. Deles, a enfermidade máis frecuente foi a leucemia aguda seguida do linfoma e dos tumores do sistema nervioso central.

En xeral, a Unidade de Oncoloxía pediátrica do Álvaro Cunqueiro atende a 150 menores das áreas sanitaria de Vigo e Ourense. A maioría deles están en fase de seguimento en consulta, unha vez concluído o seu tratamento no hospital.

Nestes momentos, hai 20 pacientes en fase de tratamento activo (quimioterápico). O Hospital de Día Pediátrico atende de xeito ambulatorio a unha media diaria de 8 pacientes.

O seguimento dos nenos que xa concluíron o seu período hospitalario oscila entre cinco e dez anos, segundo o tipo de tumor que padezan.



A atención sanitaria prestada nos hospitais pretende dar unha resposta óptima dende o punto de vista médico, pero tamén quere ofrecer unha atención integral, que comprenda todos os aspectos da esfera psico-bio-social da persoa e da súa familia, incluíndo a oferta dun servizo docente para que os nenos continúen coa súa programación académica, así como as actividades lúdicas e de lecer.

Neste senso, a doutora Tallón asegura que "debemos agradecer o apoio das asociacións de pacientes que fan unha importante aposta por sumar propostas para favorecer unha maior calidade de vida dos pacientes e das familias, cos programas extrahospitalarios que puxeron en marcha no último ano".

